



Prezada comunidade:

A piques de arrancar con **seis novas persoas adxudicatarias** as **Bolsas de Verán** ECOBAS 2025 para a iniciación á investigación e coa segunda edición da nosa **Summer School en marcha**, a temporada estival previa ás vacacións de agosto promete deixarnos moi boas enerxías e avances froito do traballo que vimos desenvolvendo no eixo ECOBAS TRAINING trazado no plan estratéxico do noso Centro.

No apartado ECOBAS INTERNATIONAL, o noso persoal investigador segue a afianzar posicións para encamiñar **iniciativas en Europa** e potenciar as nosas redes de colaboración internacional, como moitas novidades que pronto esperamos poder compartir con toda a comunidade.

Ademais, para pechar a tempada do ciclo de seminarios de investigación senior, o día 17 de xullo teremos con nós en Santiago de Compostela a **Mircea Epure**, Profesor Agregado Serra Hünter no departamento de Economía e Empresa da Universitat Pompeu Fabra (UPF).

E lembrade que as convocatorias de **AXUDAS para Actividades de I+D+i e Mobilidade ECOBAS** continúan abertas. Moitos saúdos do equipo ECOBAS!!

>>> **NOVA PÍLDORA FORMATIVA ECO-FIN: O ECOSISTEMA EUROPEO DE FINANCIAMENTO**

Nova sesión do ciclo formativo **ECOBAS European Funding Insights & Networks**.

En formato de píldora formativa online, nesta sesión coñeceremos as claves do sistema europeo de financiamento no marco do programa Horizonte Europa.

Esta actividade é exclusiva para:

- persoal investigador de ECOBAS
- persoal predoutoral e posdoutoral vinculado a ECOBAS
- persoal xestor de proxectos vinculado a IPs de ECOBAS



Xoves 26 de xuño 2025



De 10 a 11 h

REXISTRO AQUÍ

AXENDA



>>> INTRODUCCIÓN AO DESEÑO EXPERIMENTAL: APLICACIÓNS AO MUNDO DA EMPRESA E A ECONOMÍA

**7 e 8
XULLO**

Tralo éxito da primeira edición da Summer School de ECOBAS o pasado ano, a área de formación do noso centro de investigación lanza unha nova convocatoria de verán para a mellora da capacitación técnica e o impulso á innovación metodolóxica para o desempeño profesional do persoal investigador de nova xeración.

- [PROGRAMA PDF](#)
- MODALIDADE: presencial.
- LUGAR: A Coruña. Espazo ECOBAS en Edificio ESCI - UDC. Campus de Elviña.
- DATAS: 7 e 8 de xullo de 2025
- HORARIO: de 9.30 h a 16.30 (almorzo incluído)



PRAZAS LIMITADAS: o prazo de solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 30 de xuño e a aceptación das solicitudes ou, no seu caso, a inclusión en lista de agarda, será comunicada por escrito dende ecobase@ecobas.gal.

>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: JOANA GOMES SILVA

**XOVES
10/07
13:00 h**

"International Risk in Early Internationals: An Analysis of Trajectories, Causalities, and Persistence Throughout the Initial Years of Internationalisation"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Vigo. Facultade de CC. Económicas e Empresariais - Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy. [REXISTRO PREVIO AQUI](#).



>>> RESEARCH SEMINAR: MIRCEA EPURE, UNIVERSITAT POMPEU FABRA

**XOVES
17/07
12:00 h**

"Corporate Flight from Uncertainty and Business Dynamism"

- AUTORES: Mircea Epure (Universitat Pompeu Fabra) & Feng Zhou (Toulouse Business School)
- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Santiago de Compostela. Facultade de CC. Económicas e Empresariais - Aula 20.
- ONLINE: ECOBAS Academy. [REXISTRO PREVIO AQUI](#).



CONVOCATORIAS ABERTAS



>>> AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i



2025

O primeiro prazo para a presentación de proxectos á convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS, remata este sábado 31 de maio:

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS
- Aberto segundo prazo:
 - ATA o 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.
- [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) · [ANEXO I: formulario solicitude](#) · [ANEXO II: declaración de axudas](#)

Animádevos a presentar as vosas propostas!!

>>> AXUDAS ECOBAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR



2025

O obxectivo desta convocatoria é o de **co-financiar os desprazamentos do persoal investigador vinculado** ao centro e que sexan realizados promocionando ou desenvolvendo as liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS, e contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

Para a xestión das axudas se establecen catro periodos de solicitude e a convocatoria permanecerá **aberta ata o 12 de setembro de 2025**.

- Accede [AQUÍ á información completa: BASES DA CONVOCATORIA](#) e aos distintos Anexos.



**AVANCE
SETEMBRO/OUTUBRO**



>>> **CURSO | O PAPEL DA EÓLICA MARIÑA COMO VECTOR SOCIOECONÓMICO E TECNOLÓXICO DA TRANSICIÓN ENERXÉTICA EN GALICIA: RETOS E OPORTUNIDADES**

**A Coruña
17 a 19
SETEMBRO**

A cátedra Greenalia-UDC de que dirixe o investigador de ECOBAS **Fernando de Llano** organiza este curso, aberto a toda a comunidade, na Facultade de Economía e Empresa (Campus de Elviña).

O programa percorrerá cunha visión completa e experta, a cadea de valor da eólica mariña desde as distintas perspectivas: academia, tecnólogos e profesionais das empresas do sector.

- Horario: de 9:30 a 13:30 e de 16:00 a 17:00 h
- [Máis información e INSCRIPCIÓN AQUÍ](#)

g | **CÁTEDRA GREENALIA – UDC**
para la Transición Energética

>>> **III JORNADA AFFE | STARTUPS ANTE UN ENTORNO CONVULSO. O PAPEL DA CONTABILIDADE E AS FINANZAS.**

**Valencia,
6 de
OUTUBRO**

O Observatorio AFFE promovido e participado por persoal investigador de ECOBAS, en colaboración con expertos doutras institucións alleas ao SUG, organiza a terceira edición deste encontro anual que se consolida como evento de interese nacional e por primeira vez se celebra fora de Galicia:

- LUGAR: Marina de Empresas, VALENCIA
- FORMATO: Híbrido, presencial e online
- Máis información e inscricións, proximamente



>>> **CURSO INTRODUCTORIO DE R (2ª EDICIÓN) CON JAVIER ROCA PARDIÑAS**

**Online,
9 e 10
OUTUBRO**

Por segundo ano consecutivo o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial ofrece en exclusiva para o seu alumnado esta formación especializada.

- Formador: Javier Roca Pardiñas, investigador de CITMAGA
- Modalidade: 100% online
- Destinatarios: EXCLUSIVAMENTE alumnado do Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Horario: de 9:30 a 13:30 h
- Matrícula: gratuita
- Inscrición: proximamente



INTERUNIVERSITY DOCTORAL PROGRAM IN
ECONOMIC ANALYSIS AND BUSINESS
STRATEGY

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- **García-Vázquez, Y.**; González-Rodríguez, R.; Frieiro, P.; Vázquez-Pérez, R.; (2025)
[Counseling and Therapeutic Support for Women Through Information and Communication Technologies: A Systematic Review of Benefits and Challenges](#)
Clinical Social Work Journal
- **Bastida, M.; Vaquero García, A.; Vázquez Taín, M.Á.**; Del Río Araujo, M.(2025)
[From automation to augmentation: Human resource's journey with artificial intelligence](#)
Journal of Industrial Information Integration
- **Mareque, M.**; Escaloni, S. (2025)
[Is there a gender gap in audit fees in Spain? Explaining the variables involved in audit fees.](#)
South African Journal of Accounting Research
- **Álvarez-Espiño, M.; Fernández-López, S.; Rey-Ares, L.**; Graña-Álvarez, R.; Berbel-Vera, J.; **López-Valeiras, E.** (2025)
[Las restricciones en el acceso al crédito bancario y el uso de sistemas de contabilidad y control de gestión en pequeñas empresas](#)
Revista de Contabilidad y Tributación, CEF
- Mendes, T. ; **González-Loureiro, M.**; Braga, V. (2025)
[The Interplay Between Managerial Cognition, Earliness of Internationalization, and Post-internationalization Speed: A Qualitative Study of Experiential and Analytical Information Processing](#)
Journal of the Knowledge Economy
- Høgevold,N.; Rodriguez, R.; **Otero-Neira, C.**; Svensson,G. (2025)
[The Role of Digital Communication Technologies Through Customer and Market Knowledge in B2B on Sales Performance and Satisfaction](#)
Journal of Business-to-Business Marketing
- Casal, B.; **Rodríguez-Miguez, E.**; Rivera, B. (2025)
[The societal cost of 'unwanted' loneliness in Spain](#)
European Journal of Health Economics

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Lago-Quinteiro, J.R.; Reyes-Santias, F.; **Antelo, M.**; Caballer-Tarazona, V.; Martínez-Sande, J.L.; García-Seara, J.; Rodríguez-Manero, M.; González-Juanatey, J.R. (2025)

[Single-chamber pacemakers: with or without leads? Cost-effectiveness and cost-utility analyses.](#)
Annals of Medicine

- **Pernas García, J. José** (2025)

[La utilización de las “cláusulas de proximidad” o el “Voldemort” de la contratación pública. Clarificación conceptual, posibilidades y límites jurídicos y tendencias entre la resiliencia y la preferencia europea](#)
Actualidad Jurídica Ambiental

>>> CAPÍTULOS DE LIBRO

- Issifu, I.; Dahmouni, I.; **García-Lorenzo, I.**; Sumaila, U.R. (2025)

[Rethinking cost-benefit analysis for sustainable marine spatial planning. A Research Agenda for Sustainable Ocean Governance](#)
Edward Elgar Publishing Ltd.

>>> 🏆 O TRABALLO DA INVESTIGADORA PREDOUTORAL DE ECOBAS JOANA GOMES, PREMIO ACEDE 2025 NA SECCIÓN “DIRECCIÓN INTERNACIONAL”

- **Gomes-Silva, Joana; González Loureiro, Miguel;** Duarte, Fábio; Borges, Ana
[How does risk shape the dynamics of early internationalization? Insights from a latent trajectory analysis.](#)



Congrats!

>>> CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA 2025

Convocatoria orientada a incentivar a creación de prazas de carácter permanente e facilitar o inicio ou o afianzamiento dunha liña de investigación mediante o financiamento dun proxecto propio de I+D+i así como o acondicionamento e renovación dos espazos e laboratorios e a mellora do equipamento necesarios para a súa execución. Actividades financiáveis, a realizar con carácter obligatorio:

- a) Creación dunha praza permanente na área de coñecemento do/a IP da actuación.
- b) Execución dun proxecto propio de I+D+i liderado polo/a IP da actuación.

 PRAZO: ABERTO ata o 15/07/2025 ás 14 h

 BENEFICIARIOS: organismos públicos de investigación, universidades públicas e os seus institutos universitarios, universidades privadas, entidades e institucións sanitarias públicas e privadas, institutos de investigación sanitaria acreditados, Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal, e outros centros de I+D+i, públicos e privados.

ACTUALIDADE



>>> **OLGA ALONSO VILLAR, UNHA DAS DEZ PROTAGONISTAS DE “QUERO SER INVESTIGADORA 5” DA UVIGO** 



“Historias de mulleres que con paixón polo coñecemento trazan un mapa de referentes cercanos para as que veñen detrás. Estas páxinas non so celebran os seus logros, senón que tamén nos invitan a mirar de cerca, a recoñecelas na pel de maestras, nais, compañeiras, veciñas e a entender que o futuro da ciencia se escribe con nomes propios, con historias que merecen ser contadas”.

Con estas verbas presenta a Unidade de Cultura Científica e de Innovación da UVigo a quinta edición do catálogo “Quero ser investigadora”, unha aposta pola visibilización da ciencia galega en feminino que sirva como exemplo e inspiración para a mocidade.

Ademais do percorrido pola traxectoria das 10 científicas escollidas este ano, entre as que se atopa a investigadora de ECOBAS **Olga Alonso Villar**, o catálogo ofrece unha guía didáctica con actividades para levar ás aulas e por primeira vez inclúe os contidos en formato audiolibro, cos relatos nas voces das propias protagonistas.

Moitos parabéns por esta iniciativa e moitos parabéns a estas dez mulleres científicas por seren exemplos destacados e polo seu afán por abrir novos camiños ao coñecemento e despertar novas miradas.


>>> **WELLBEING E SAÚDE LABORAL | O EQUIPO ECOBAS VISITOU (VIRTUALMENTE) MENTINESS, EMPRESA COLABORADORA DO NOSO CENTRO**

Humanizar as organizacións a través da tecnoloxía? Esta idea, que de inicio semella un gran paradoxo, está a tornar en realidade da man dun equipo de psicólogos que están a apostar polo desenvolvemento de ferramentas de medición, prevención e potenciación do benestar no mundo laboral.

Falamos de saúde mental e de psicoloxía aplicada ao entorno de traballo, o quefacer de **Mentiness**, a empresa na que o noso investigador predoutoral **Diego García Sánchez** está a realizar o seu doutoramento industrial, baixo a dirección de **Ernesto López-Valeiras**.

Unha mostra elocuente: o xardín virtual que teñen nas súas oficinas, no que mantivemos un estupendo encontro con eles hai tan só uns días. 😊

Wellbeing e economía da felicidade constitúen unha das doce prioridades da **axenda científica** de ECOBAS



xuntanza no xardín da oficina virtual de Mentiness

DIVULGACIÓN



ECOBAS EN CULLERCENCIA 2025 | A INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA E EMPRESAS, A PÉ DE RÚA

Un entusiasta equipo de persoas investigadoras acudiu a Culleredo a primeira fin de semana de xuño para sacar á rúa o seu saber e bo facer e achegar á cidadanía a importancia da investigación en economía, empresa e sociedade.

A Feira Cullercencia, organizada polo CEIP O Burgo, contou por segundo ano consecutivo con persoal investigador senior e junior de ECOBAS, así como persoal da Facultade de Economía e Empresa da UDC, para compartir o seu tempo e o seu sorriso coa rapazada interesada en entender a ciencia social e o seu impacto no mundo que nos rodea.



Brais Pociña Sánchez, Paulino Montes-Solla, Manuel Gómez, Alejandro Fernández Marzoa, Ángeles Longarela e Yolanda Cotelo puxeron a súa creatividade ao servizo dos máis pequenos para axudarlles a comprender como a investigación social mellora a vida das persoas e actúa como panca imprescindible para coidar e axudar a mellorar as nosas vidas.

Queres saber como o fixeron?  [Ler máis](#)

ANÁLISE DE J. JOSÉ PERNAS NO MONOGRÁFICO DE RETEMA SOBRE RECICLAXE



JUAN JOSÉ PERNAS, UNIVERSIDADE DA CORUÑA E ECOBAS

Reglamento UE 2050/40 de envases e su incidencia en España: entre la armonización y la flexibilidad



JUAN JOSÉ PERNAS GARCÍA
INVESTIGADOR VISITANTE DE SERVICIO ADMINISTRATIVO EN UDC
UNIVERSIDADE DA CORUÑA E INVESTIGADOR PERMANENTE DE ECOBAS

El Reglamento (UE) 2024/40 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de diciembre de 2024, sobre los envases y residuos de envases, entrará en vigor el 12 de febrero de 2026. Este nuevo texto tiene finalidad de...

Esta norma refleja las tendencias del Derecho ambiental de la UE y, concretamente, de la economía circular en la actualidad.

La legislación de la Directiva sobre residuos, por el Reglamento, representa una serie de acciones muy relevantes, que se relacionan con la gestión de residuos y producción que se está produciendo en el Derecho ambiental de la UE desde el Pacto Verde y el consenso alcanzado en la COP26 en los últimos gobiernos europeos. Este Reglamento...

O número 262 da revista RETEMA, revista técnica sobre a industria medioambiental, inclúe neste monográfico “especial reciclaxe” a análise do noso investigador permanente **J.J. Pernas** transcurridos uns meses dende a entrada en vigor do Regulamento da UE sobre envases e residuos de envases e con efectos a partir do 12 de agosto de 2026.

[Accede á edición dixital AQUÍ](#)

CONVOCATORIAS TRANSFERENCIA



>>> MISIONES CIENCIA E INNOVACIÓN 2025 | CDTI

Continúa aberto o prazo para a presentación de solicitudes á Convocatoria Misiones Ciencia e Innovación 2025 de CDTI para impulsar a transferencia de coñecemento e fomentar a colaboración entre institucións e axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI), con unha atención especial á colaboración público-privada.



Apoiaránse consorcios empresariais, con subcontratación relevante de organismos de investigación (OI), que desenvolvan proxectos de I+D, de carácter precompetitivo, con actividades de investigación industrial (mín 40% presupuesto elegible), e que propoñan solucións a desafíos transversais e estratéxicos para a sociedade no marco das seguintes misións:

- Solucións tecnolóxicas para reducir as estancias hospitalarias e a presión asistencial.
- **Unha intelixencia artificial responsable.**
- Unha industria interconectada e segura que contribúa a unha maior autonomía estratéxica.
- **Planificación e xestión territorial** para mellorar a resiliencia e facer fronte aos **riscos climáticos**.
- **Soberanía estratéxica nas materias primas minerais fundamentais para a industria e a transición enerxética.**
- Capacitación para a autonomía estratéxica en seguridade e defensa.
- **Movibilidade sostible e descarbonización do transporte colectivo e de grandes volúmenes.**

>>> PROXECTOS DE “PROBA DE CONCEPTO” 2025

Financiamento de proxectos que aceleren a transferencia de coñecemento e resultados xerados en proxectos de investigación, en progreso ou recentemente finalizados. Esta **convocatoria** busca valorizar os coñecementos e resultados dos proxectos de investigación financiados nas seguintes convocatorias:

- Convocatoria 2020 de axudas a Proxectos de I D i (BDNS: 532399)
- Convocatoria 2021 de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» (BDNS: 590214)
- Convocatoria 2022 de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» (BDNS: 662668)



PRAZO: ata o 10/07/2025



BENEFICIARIOS: Universidades, centros públicos de I+D+i, centros tecnolóxicos e entidades públicas e privadas vinculadas á ciencia, a tecnoloxía, a investigación e á innovación.

CONVOCATORIAS



>>> APOIO A PROGRAMAS E PROXECTOS DE IMPULSO Á BIOECONOMÍA

Estas axudas están orientadas a financiar proxectos que promovan o desenvolvemento da bioeconomía, impulsando o desenvolvemento, mellora e consolidación da infraestrutura verde, a conectividade, a restauración de ecosistemas degradados e as paisaxes multifuncionais.

Obxectivos:

- incrementar a biodiversidade e a súa conservación
- adaptación ao cambio climático
- prevención de incendios forestais
- xeración oportunidades e emprego no medio rural



Fundación Biodiversidad



Correo electrónico de contacto:

bioeconomiafeder@fundacion-biodiversidad.es



PRAZO: ata o 23/07/2025

>>> PROXECTOS «EUROPA EXCELENCIA» 2025

Esta liña de axudas está enfocada a mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), nas súas modalidades «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants», enmarcados no Pilar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco de Investigación de la Unión Europea Horizonte Europa.

As axudas están destinadas a financiar gastos de persoal, pequeno equipamento, materiais e outros gastos relacionados cos obxectivos do proxecto.



PRAZO: ata o 26/06/2025



[Documentación da convocatoria](#)

>>> VII PREMIOS BASF Á MELLOR PRÁCTICA DE ECONOMÍA CIRCULAR EN ESPAÑA

Premios do Club de Excelencia en Sostenibilidade para recoñecer aqueles **proxectos e traballos de investigación que**, baseados na economía circular, **contribúan** ou teñan o potencial de contribuir de forma sustancial **ao desenvolvemento da competitividade empresarial en España**, con especial atención a aqueles que inclúan a perspectiva da sostibilidade ambiental e social. Entre as categorías figuran:

- Mellor práctica Circular no Mundo Académico
- Mellor práctica Circular á Divulgación: traballos ou artigos en medios de comunicación; traballos científicos, iniciativas de difusión ou divulgación de influencer, mellores iniciativas en blogs, etc., relacionados coa economía circular.



[Información e bases da convocatoria](#)



PRAZO: ata o 30/06/2025

MÁIS COMUNIDADE



>>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA 2025

As “Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias” recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia.

Outórganse 5 medallas á investigación, unha por cada sección da RAGC:

- Medalla “Ángeles Alvariño González”, no ámbito da Bioloxía e CC. da Saúde.
- Medalla “Isidro Parga Pondal”, no ámbito das Ciencias Técnicas.
- Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, no ámbito da Química e Xeoloxía.
- Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, no ámbito das CC. Económicas e Sociais.
- Medalla “Enrique Vidal Abascal”, no ámbito das Matemáticas, Física e CC. da Computación.



PRAZO: ata o 12/09/2025



[Descarga as bases da convocatoria \(pdf\)](#)



>>> IX EDICIÓN PREMIOS GCiencia GALICIA SPIN OFF

O portal GCiencia convoca a IX Edición dos Premios GCiencia Galicia Spin-off para recoñecer as mellores iniciativas empresariais xurdidas no ámbito investigador galego, recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xorde no seo do ámbito académico.

Os Premios consistirán en:

- Selo de Calidade: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Idea Emerxente: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Grupo de Investigación: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.

PRAZO de presentación de candidaturas ata o 31/07/25



[Bases da convocatoria](#)
[X Edición Premios](#)
[GCiencia Galicia Spin Off](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

